

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº58/ Ano: 2022 / 2º xornal Mes de outubro / Estado Micolóxico

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



Falece Rafael Romero Suances, un dos mellores estudosos das londras nas illas do Parque Nacional. Páx. 1  
Foto: Romero Suances. Faro de Vigo

**LENDAS DA ILLA DE TAMBO**  
Lino J. Pazos Pérez e Rafael Quintía, charlaron sobre mitos e lendas de tradición oral no Casal de Ferreirós en Poio. Páx. 1



**ONS, FORMOU PARTE DAS CASSITÉRIDES?**  
Unha grande dúbida, houbo e hai estaño en Ons e foi explotado? Páx.2



**ONS ARQUEOLÓXICA II e III**  
En dúas entradas falo da terceira fase das escavacións prometidas no Castro dos Mouros e da opinión sobre os achados por parte de dous expertos no tema. Páx. 3



## JOHN BALAN

O home orquestra que actuou na TVG xunto a Vladimir e foi entrevistado polo Loco da Colina, tamén actuou en Ons. Páx. 4  
Foto: TVG



## NOVO BARCO PARA ONS

Carlos Patiño, que na foto está subido a un guindastre para efectuar traballos no porto de A Pobra do Caramiñal, está formalizando a compra dun novo barco para poder ir a Ons no inverno. Páx. 4



**PROMESAS DO PRESIDENTE DA XUNTA**  
Cumpríranse todas as promesas de inversión en Ons prometidas polo Sr. Rueda, Presidente da Xunta? Formalizaraas por escrito? Páx. 4



## PROBLEMÁTICA URBANÍSTICA EN ONS (II)

Sigo abordando o tema histórico sobre a problemática urbanística na Illa. Puntos (a) e (b). Páx. 6



Veciños de Ons e Noalla entregan ao Papa un Faro de Ons. Páx. 7

## RAFAEL ROMERO SUANCES

(escrita o 14/10/2022)

Quero comezar este novo Onstopus cunha triste nova que me fixo chegar Cosme Damian Romay Cousido, colaborador da revista AUNIOS, coa morte do biólogo Rafael Romero Suances:

"Rafael Romero Suances (1962-2022)

O día 11 de outubro amencimos coa lutuosa nova do falecemento do biólogo ourensán Rafael Romero Suances, coñecido como "Chiño". Estudoso da fauna mariña da illa de Ons, do Parque Nacional e de toda Galicia, prestou atención especial á lontra (*Lutra lutra*) e ao visón americano (*Neovison vison*), elaborando artigos científicos sobre estas especies. Entre eles, cómpre subliñar un estudo relativo ao impacto da marea negra do Prestige nas poboacións costeiras de lontras, como a que existe en Ons. Unha enorme perda para a ciencia galega. Descanse en paz".

Era, Doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago cunha tese sobre a lontra e a súa distribución xeográfica en Galicia. era responsable das campañas de control do visón americano e do seguimento de lontras no Parque Nacional.

No Faro de Vigo (28/01/2013) á pregunta de cantos exemplares podería haber nos arquipélagos do Parque, contestaba: "Os datos que temos son un tanto escasos como para facer estimacións precisas. De conservarse a situación de anos anteriores en cada unha das illas, poderíase dicir que hai un grupo reprodutor, é dicir, unha femia adulta cunha ou dúas crías, ademais dun macho adulto, sedentario ou visitante ocasional, en cada unha delas. Sería posible que Ons ou Cíes, por ter un maior tamaño que Sálvora, puideran albergar máis dun grupo reprodutor."

Teño que dicir que na miña recompilación de datos sobre Ons, o tema das lontras e a súa captura estaba entre os meus apuntes. Paseille un bo número deles a Fernández de la Cigoña para un dos seus libros e estaba pendente de manter comunicación con Romero Suances para un artigo sobre elas en Aunios, cousa que, por desgraza, xa non poderá ser.

**Fotos:** Arriba: Rafael Romero Suances (<https://www.iucnosgbull.org/>)

Abaixo: Pegadas de lontra na praia de Melide no 2021. (Varu Camawei)



**Mitos, Lendas e Tradición oral de Poio**

Venres 14 de outubro  
20.00  
Casal de Ferreirós

Contacto  
986 833 204

**Rafael Quintía**  
Antropoloxista, profesor e escritor  
Unha viaxe antropolóxica pola mitoloxía e a tradición oral de Poio

**Lino Pazos**  
Escritor e investigador  
Lendas en torno a Tambo: a Illa do Tesouro

Logos: Unión Europea, Xunta de Galicia, Consellería do Mar, Espazos Recreativos Ribeiráns.

## CHARLA ETNOGRÁFICA SOBRE A ILLA DE TAMBO

O pasado venres 14 de outubro, no Casal de Ferreirós no concello de Poio, celebrouse unha interesante charla, con asistencia de numeroso público, sobre temática etnográfica desta marabillosa Illa de Tambo.

Os conferenciantes, de recoñecido prestixio, están ligados á revista AUNIOS, xa que Lino Pazos, a carón de ex-presidente de Pineiróns, é un colaborador necesario da publicación e Rafael Quintía, no último número, falounos dos mitos e lendas da Lanzada.

Interesante iniciativa do concello de Poio nas súas concellerías de Turismo e Pesca e Marisqueo que organizaron esta charla xunto coa Casa Museo Cristobal Colón.

É importante que os concellos se involucren en dar a coñecer o mundo etnográfico e antropolóxico das Illas que lles pertencen, pois é un campo que, como xa teño dito moitas veces, está a piques de desaparecer.

Ogallá a *Illa de Ons* contara no seu **Concello** con iniciativas como esta para dar a coñecer a súa riqueza etnográfica e salvala do esquecemento e da falla de estudos e investigacións.



## ONS NA MEMORIA

Un día de procesión na festa estival de San Xaquín.

Aquí observamos ás mulleres aunienses que portan os seus ramos, ofrecidos ás distintas imaxes, no momento de saír en procesión.

De novo volvo a reivindicar unhas Festas de Ons como as de antes, onde a participación dos veciños, tanto para financialas como para organizalas, era fundamental. A nova asociación veciñal debería poñer o seu gran de area e reunir aos veciños e, á vez que se traten cuestións xerais e de importancia para todos, tamén animen aos veciños a formar unha Comisión de Festas para este próximo ano.

## ONS ARQUEOLÓXICA (I) *(Escrito o 14/10/2022)*

## HOUBO E HAI ESTAÑO EN ONS?

O 13 de outubro dende Parques recibía a nova de que o próximo luns 17 comezaba de novo outro período de escavacións no Castro dos Mouros de Ons.

Unha boa nova que demostra que o xacemento é importante e que as promesas se cumpren. Esperemos que así sexa e que teñamos posteriormente datos sobre el.

Aproveitando esta boa nova, vou traer aquí as palabras de Alonso Romero sobre a posibilidade de investigar se houbo ou non xacementos de estaño na Illa: *“Querido amigo: El anticuario inglés William Copeland Borlase, nacido en Cornualles, estuvo en Galicia y en Portugal para estudiar los dólmenes y las minas de estaño. Su libro "The Dolmens of Ireland" es uno de los mejores estudios del siglo XIX sobre los dólmenes europeos. En su trabajo "Tin-Mining in Spain: Past and Present", publicado en Londres en 1897, hace en la página 21 una breve referencia a la isla de Ons, en la que dice que en ella había mineral de cuarzo estannífero. Es una breve referencia que se basa en los libros que leyó sobre Galicia relacionados con las islas Casiterides: como la obra del padre Sarmiento en 1758 o la de Cornide de Saavedra en 1790. Y también leyó a Murguía, y a otros autores gallegos de finales del XIX. El Libro "Tin-Mining in Spain: Past and Present" se puede ver en internet. Si realmente había estaño en Ons, la comprobación de su existencia daría pie para pensar que era un atractivo más que atraía a los antiguos navegantes a buscar estaño en Ons o en otras islas gallegas, en las que varios investigadores decían que se encontraban las Casiterides. Como sabes, sin estaño no se podían tener armas ni calderos de bronce, y éste solamente se encontraba en Galicia y en Cornualles. Si te apetece, creo que ya tienes tema para investigar”*



A miña contestación a Fernando foi: *“Estiven dándolle voltas ao que me mandaches sobre a posibilidade de investigar sobre esa cuestión da existencia de estaño en Ons, e miro a cousa moi complicada.*

*Penso que para realizar unha investigación, aínda que sexa mínima, sobre ese tema, hai que ser unha persoa preparada e cuns estudos básicos, como mínimo, a nivel universitario e especializado en Historia e Xeoloxía que sería o contido a pescudar, e eu non son esa persoa. Así que pasareillo a investigadores con maior preparación”*

Mandeille o dato a un arqueólogo recoñecido e díxome: *“Prezado Tino, sempre é un pracer ter novas túas e máis cando se trata de interesantes datos sobre Ons.*

*Puiden acceder á publicación de Copeland pero como ben comenta Fernando Alonso Romero trátase dunha mención por referencias de Cornide e Murguía sen ter unha base analítica en Campo, polo tanto aínda que a referencia é moi boa a nivel historiográfico, témome que para demostrar a existencia deste mineral na illa non nos vale de moito”*



Paseille todo a Alonso Romero e sinalou: *“Estoy de acuerdo contigo en que el estudio de la posible existencia de estaño en Ons es cosa muy complicada para nosotros, que somos de Letras, pues ninguno de los dos es geólogo. Pero es posible que exista algún trabajo o persona interesada sobre el tema, y que nos pueda decir si en la isla hay o pudo haber estaño.*

**Quizá los arqueólogos que trabajan ahora en Ons se interesen por el tema.** *En fin, Tino, siento no poder darte máis información pues la única noticia que tengo sobre el estaño en Ons es la del inglés que te envié en mi carta anterior.*

**De aí e aproveitando que están os arqueólogos en Ons, aquí van estes textos para, se o cren conveniente, o investiguen.**

**Fotos:** Diferentes fases das escavacións realizadas no Castro dos Mouros. Canexol. 2021/22.

## ONS ARQUEOLÓXICA (II) *(Escrito o 18/10/2022)*

Hoxe martes 18 recibimos a boa nova de que si comeza outra etapa de escavacións no Castro dos Mouros na Illa de Ons.

Pola prensa decatámonos que nos estudos que realizaron dos restos achados nas primeiras escavacións (2021/primavera 2022), moitos deles tiñan a súa orixe na zona sur da Península Ibérica e na norte africana, o que demostra a conexión comercial dos pobos da costa galega próxima a Ons coas costas mediterráneas, das que xa escribira o arqueólogo do Museo de Pontevedra, Antonio de la Peña Santos, en dous artigos da revista **Aunios**, concretamente nos nº 5 (2002) e 7 (2003) e posteriormente a arqueóloga Paula Ballesteros no nº 17 (2012) o que vén a demostrar a importancia deste Castro e de Ons no mundo arqueolóxico da costa das rías Baixas.

Polo que nos dixeron dende a dirección do Parque é que durante 30 días van seguir coas escavacións no mesmo lugar das realizadas ata agora, intentando unir a primeira casa atopada cos muros que, parece ser, resgardaban todo o castro.

Seguiremos atentos ás novas que xurdan.

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/05/018\\_05\\_AsociacionPineirons.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/05/018_05_AsociacionPineirons.pdf)

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/07/015\\_07\\_AsociacionPineirons.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/07/015_07_AsociacionPineirons.pdf)

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/17/Aunios\\_17\\_15\\_Paula.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/17/Aunios_17_15_Paula.pdf)

**Fotos:** *Sinalización das zonas de nova escavación.*



## ONS ARQUEOLÓXICA (III) *(Escrito o 24/10/2022)*

Hoxe púxenme en contacto con Parques para saber como vai a escavación, pois, vendo as inclemencias meteorolóxicas destes días, que van seguir así durante un tempo e, tendo en conta, a chegada da ponte de Defuntos, pensei que optarían por deixalo para outro intre. Resulta que alí seguen, pero ata o de agora non temos resultados ou non os comunicaron aínda.

Como quero pechar este 2º Onstopus de outubro nesta semana, vou a reencher esta nova coa opinión de dúas persoas, que a carón do interese que teñen pola Illa, están máis que cualificadas para dar unha opinión acreditada sobre a nova publicada na Voz de Galicia con respecto os resultados das escavacións realizadas con anterioridade.

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/pontevedra/2022/10/18/hallazgo-vajilla-africana-ons-romana-revela-contacto-comercial-mundo-mediterraneo/0003\\_202210P18C5992.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/pontevedra/2022/10/18/hallazgo-vajilla-africana-ons-romana-revela-contacto-comercial-mundo-mediterraneo/0003_202210P18C5992.htm)

"... pois a verdade é que son moi boas novas, non todos os castros teñen niveis tardíos como o de Ons, así que está moi ben. Agora o tema é ver como se musealizan os restos e como se fai accesible, porque que queden as sondaxes abertas moito tempo sen facerlles nada para consolidar muros, tampouco é bo..."



"Muchas gracias Tino por mantenerme al día sobre lo que ocurre en Ons. ... no me sorprende nada que en Ons se encuentre cerámica del siglo IV d. de C. pues desde hace muchos años esa cerámica también se encontró en yacimientos arqueológicos de Vigo, así como también ingleses, bretones e irlandeses. Grandes muestras de cerámica norteafricana se encontraron en yacimientos monásticos de la Alta Edad Media, en Bretaña, Cornualles e Irlanda. Lo que quiere decir que las naves que transportaban esas y otras mercancías pasaban antes por Galicia; al igual que lo hicieron durante algo más de 400 años las flotas romanas. Sobre esos temas, si te apetece, puedes ver mis trabajos: "Las rutas atlánticas de los monjes irlandeses y bretones en la Alta Edad Media". Más recientemente publiqué el trabajo "Las embarcaciones prerromanas del área atlántica europea" en su página 147 menciono el descubrimiento de un pecio con restos de esa cerámica. En fin, sobre esto hay muchísimo que hablar. Cuando se realicen excavaciones en Sálvora se encontrará también ese mismo tipo de cerámica..."



## NOVO BARCO DE PASAXE INVERNAL A ONS

Carlos Patiño, Carrillo, envíanos esta foto do novo barco que vai adquirir para facer competencia no inverno, a Mar de Ons, Nabia e Cruceiros Rías Baixas, nas viaxes á Illa de Ons.

É un barco preparado para todo tipo de mar. Non sei si para todo tipo de pasaxeiros, pero o seu hermetismo faino insomexible e adaptado a calquera estado do mar.

Está tamén á procura de poñerlle unhas rodas e, ao chegar a Ons, poder subir pola praia das Dornas e facer percorridos turísticos co modelo convertible.

Di que, a primeira viaxe realizaraa a finais deste ano para levar a Ons a todos os que queiran pasar alí o Fin de Ano.

## JESÚS QUINTERO, JOHN BALAN e ONS

A principios deste mes de outubro, amencemos coa nova do falecemento de Jesús Quintero o presentador do programa “*El Loco de la Colina*”.

Ao longo do seu periplo como presentador entrevistou a un bo número de personaxes entre os que temos que citar ao noso querido marinense Jhon Balan.

[https://m.facebook.com/MarchaLoca/videos/1598089090245961/?locale2=es\\_ES](https://m.facebook.com/MarchaLoca/videos/1598089090245961/?locale2=es_ES)

Quen o ía dicir pero John Balan, o home orquestra, tamén pasou pola Illa de Ons e participou, xunto cun grupo musical (que sinto non saber o seu nome) nas Festas de San Xaquín do ano 1966, cando se celebraban no barrio de Canexol na banda posterior da escola e reitoral.

Dáse a casualidade que foi a principios dos sesenta, s.XX, cando Balan comezou a súa carreira de artista actuando polos bares e, esporadicamente, con algún grupo musical.

En Ons, nunha foto realizada por Stafant Mörling.



## VISITA DO PRESIDENTE DA XUNTA A ONS EN XULLO: PROMESAS

O día 4 de xullo de 2022 o Presidente Rueda visitou a Illa de Ons nun acto institucional con motivo do 20 aniversario do Parque Nacional. Ía acompañado da Conselleira de M. ambiente, da D. Xeral de Patrimonio Natural, do Alcalde de Bueu e do cura de Bueu-Beluso-Ons, entre outr@s.

Como xa dixen no seu momento, foi todo un acontecemento, pois que escolleran Ons para esta celebración cando sempre elixen Cíes, é algo positivo, esperando que para outras conmemoracións opten por Sálvora e Cortegada.

Por sorte e coincidencia, cheguei a Ons ese mesmo día e despois de deixar toda a equipaxe en lugar seguro, saín coa miña cámara e filmadora e dar fe do que estes persoer@s ían contar, propoñer,..., afirmar e prometer. O malo, como di o refrán, é que: “*As palabras lévaas o vento*”, por iso, todos os alí presentes, incluído o párroco para dar fe a modo de notario, deberían presentar, **POR ESCRITO**, ante veciños e persoas interesadas, todo o alí **PROMETIDO**, facéndose eco das palabras do seu Presidente estatal <Sr. Feijoo> que llo dixo moi claro ao Presidente español, Sr. Sánchez: “*Si los acuerdos son orales, son meras conversaciones. Tienen que ser por escrito*”. Póño en castelán, tal e como el o dixo, esqueceuse xa do galego dende que foi para Madrid.

Coido que ata agora o ESCRITO terá que esperar e, estaremos moi atentos, a ver que pasa co prometido.

**Nota:** Trataremos este asunto en próximos Onstopus, informando das promesas e comentándoas, así como pedir que haxa luz e taquígrafos para saber en que se gastan eses 2’2 millóns que lle tocan a Ons dos 6 para todo o Parque Nacional, cousa que, paralelamente, debería reivindicar e solicitar a Asociación Veciñal auniense.



# Gente de la Isla

dia 12 de agosto 1963

Por Amancio LANDIN CARRASCO

Dormíamos en la playa de Curro, isla de Ons, entre Mellide y la Aréa dos Cans; junto al muelle.

—¡Valen molto os dentes de ballena, don Santiago!

—La ballenas no tienen dientes, rapaz.

—¡Entón!

—Será un cachalote. Tienen la cabeza cuadrada y la boca baja. Por dentro son como cristianos, fuera el alma.

Estaba abierto de piernas, las manos cogidas en la espalda y la boina le caía sobre la nariz color de bronce.

—¡E valen molto os dentes!

—Poca cosa.

—Entón...

En las piedras de Orza había aparecido un cetáceo muerto. Hedía desde un par de semanas atrás y le faltaban doce dientes. Un regalo del mar para quien supiera sacar la esperma, derretir la grasa o buscar el ámbar.

Arturo Goberna y la señora Dolores aún están de buen ver, pero ya enseñaron cuanto sabían de hospitalidad a sus hijos y nietos: Buenos modos, una sonrisa serena, pulpo, buen pulpo, caldeirada y más filloas que ciertos franceses avispados descubrieron en la isla y que rocían con coñac de su tierra para comérselas con son et lumlére.

Más arriba hay otra taberna, y en lo alto, el faro. Los isleños son seiscientos. No hay médico, no hay luz... La había; pero esas cosas que pasan. Quieren tener kilovatios al precio de tierra firme; y mientras tanto se alumbran con carburo. Son cueros y honrados, socarrones y generosos. Sóio la nutria y el cormorán conocen su secreto, que no dicen ni a quien con ellos va.

En la taberna, hay una imagen de la Virgen del Carmen.

—Esta é a Santa. Meu xenro cree molto n'estas cousas e di que a Santa nunca lle falta.

No hay cura, ni misa dominical. Hay una maestra. Los difuntos van a la tierra muchas veces sin un responso. No siempre puede venir el cura de Beluso; alguna vez quedó cercado en la isla más de una semana, prisionero del temporal.

La cebolla hierve en torno y los hombres atrapan al curricán. Como el beduino sobre el camello, como el gaucho sobre el pingo, el isleño nace sobre una dorna fina y maripera, con una eslorra de tres metros mal medidos. A la hora de comer vuelve el rebaño de dornas que salió muy de mañana. Hasta cuatrocientos pejes, verde y plata, entre las bancadas o en la cadeira.

—Non resulta; non resulta. Os que veñen a comprar pagan a catro e venden a oito.

El Buraco do Inferno esconde la trágica poesía isleña. Cerca de la isla se hunden los puñales de piedra, luego una cornisa oscura donde anidan araus y merdeiros; más abajo, nada, la fría noche de la piedra, donde los duendes cuentan huevos de gaviota y gallo marino. Hay una galería que lleva al mar, por la que se cuelan los pájaros y el bramido atlántico.

No hay pobres en la isla; ni ricos. Nadie se afeita con máquina eléctrica, nadie oye la radio ni pasa hambre. Un mozo dice que creará en el cielo cuando alguien venga de él a traerle noticias. Xoanciño, el cativo que sorbe nuestra leche condensada, conoce los aviones y distingue un satélite artificial sobre el cielo estrellado, pero no vió nunca un automóvil, ni un cine, ni un teléfono.

La isla es así.

## PROBLEMÁTICA URBANÍSTICA EN ONS (II)

Seguindo co tema comezado no número anterior. Despois da destrución realizada pola administración a mediados dos 60 e finais dos 70 s.XX, viñeron outros anos conflitivos, os 80. Os aunienses que emigraran primeiro, agora xa recuperados do tema económico que lles supuxo a nova vida en Bueu, queren volver ás súas orixes e arranxar as vivendas que os seus antepasados construíran na Illa e que os viran nacer.

De novo atópanse coa administración que volve co seu **NON** a que reparen e rehabiliten as casas que, ao estar deshabitadas e coas inclemencias meteorolóxicas especiais que se dan en Ons, necesitaban duns arranxos excepcionais, algunhas case en ruínas ao ceder o tellado pola falla de coidados. Foi aquí, cando a algún **ILUMINADO**, quenta cadeiras de oficina, ocorréselle dicir que as casas e edificacións anexas de Ons, sen tellado, non se poden arranxar, e aínda hoxe en día, algún segue con esa teima. Incrible!!!



### 2016. Tramo 5, concretamente no punto 5.5 Reconstrucción de casas e casetas. Punto a.- Necesidade dun estudo casa por casa:

Importantísimo é que a administración teña un rigoroso estudo de cada casa o máis amplo posible e en todos os seus aspectos.

Nese estudo tería que estar, como mínimo, o nome dos propietarios dende que se teña datos, como era e como está agora a división interior da casa, que arranxos tivo segundo a época, que edificacións anexas posúe facendo fincapé en fornos, piornos, lareiras,..., cales desas edificacións necesitan reparacións e en que condicións (é dicir, se están con ladrillo ou bloques, mirar de pasalas a pedra,...), levantar planos, fotografías antigas e modernas,..., e un longo etc. de cada casa.

Un estudo exhaustivo, casa por casa, daría unha información importantísima e habería datos suficientes para posteriores traballos. O estudo ten que completarse con todos os datos que obran na administración e que verían herdados de colonización, Irida, Agricultura,...

### 2016. Tramo 5, concretamente no punto 5.5 Reconstrucción de casas e casetas. Punto b.- Permitir a reconstrucción, rehabilitación e arranxos das casas.

Ao longo dos últimos 20 anos foron arranxando case todas as casas illáns con maior ou menor acerto, pero aínda quedan algunhas sen arranxar e outras están caídas.

Coido que non podemos permitirnos o luxo que esta fermosa arquitectura, aínda que un pouco alterada pola falla de visión da administración, quede sen algunhas das súas casas por obstinación da administración, por iso hai que buscar a fórmula adecuada para levalo a cabo.

En Ons quedan unhas 5 - 6 casas sen arranxar ou en ruínas, sería importante que permitan o seu arranxo pois forman parte da arquitectura popular illán. Non debería de haber problema algún, xa que, coa Lei de Concesións e facendo un documento adecuado, esas casas poderíanse levantar de novo e coas mesmas características que tiñan, xa sexa polos propietarios que as tiñan dende sempre ou pola propia administración para usos diversos. Non din que en 75 anos pasan a poder da administración pola Lei de Concesións? Pois polo menos que cheguen todas e arranxadas.



## PROBLEMÁTICA URBANÍSTICA EN ONS (II), sigue da anterior

Esta forma de actuación da administración fixo que uns puideran arranxar as vivendas, porque aínda conservaban o tellado, e outros non, provocando un enorme descontento veciñal que tivo consecuencias graves para a paisaxe....

Houbo quen tirou para adiante e puxéronse a reconstruír igual. A administración, ante tanta problemática, non soubo actuar e esqueceuse de algo tan primordial como é o **DÍALOGO** e comezou un, nese intre pequeno, regueiro de denuncias que todas acabaron en nada. A razón dos veciños prevaleceu ante semellante inxustiza, pero tamén provocou algún desacerto arquitectónico que podería evitarse.

Como digo, non todos tiveron a valentía de botarse adiante e preferiron esperar a ver que ocorría. A administración seguía no seu **NON** a arranxos, sen embargo, non a todos, e nas mesmas condicións, para uns había vista gorda e para outros ameazas de denuncias. Así estivo a cousa ata principios dos anos 90 en que se permitiron un bo número de arranxos pero sen estudos urbanísticos e arquitectónicos claros que deu pé a actuacións inadecuadas.

Delegación de Noalla. Sito á esquerda e Josecho no centro da foto.



Delegación de Ons. Trini á esquerda, Josecho no centro e Manolito á dereita, portando a bandeira de Bueu e o agasallo para o Papa.



<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/10/20/faro-ista-ons-papa-francisco-77454218.html>



### REPRESENTACIÓN DE NOALLA E A ILLA DE ONS NO VATICANO

Coordinados polo cura-párroco de Bueu-Beluso-Illa de Ons e oriúndo de Noalla, veciños destas dúas parroquias acudiron á Audiencia do Papa Francisco dos venres no Vaticano. Os veciños de Ons estaban comandados por Manolito e Trini do “Pirata” e os de Noalla por Sito, o do “Con de Arbón”.

Entre todos agasallaron ao Papa cunha figura de Sargadelos que representa o Faro da Illa de Ons.

En audiencia especial, os veciños de Ons pedíronlle ao Papa que nas súas pregarías pida que poidan gozar das súas vivendas aunienses, que os seus antepasados construíron, de por vida e poder pasalas de pais a fillos.

Co agasallo do faro, tamén quixeron solicitar que este Faro, no futuro, non pase a ser outro centro de hostalaría, senón un Museo no que se honre aos Faros, aos Fareiros, as Embarcacións e aos Homes e Mulleres que perderon a súa vida no mar. Nestas actividades observamos a boa sintonía dos veciños de Ons e Noalla.